



Decreto: 617

Data decreto: 22/09/2017.

Descrición decreto: adxudicación do contrato "Subministración e instalación dunha caldeira de pellets na Casa da Cultura de Xuño. Porto do Son".

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA

D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, en uso das facultades que lle confire a Disposición Adicional 2ª do RD Lei 3/2011, do 14 de novembro, texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), dita a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante o decreto da Alcaldía núm. 536/2017, do 18 de agosto, iniciouse o procedemento para adxudicar o contrato de subministración "Subministración e instalación dunha caldeira de pellets na Casa da Cultura de Xuño. Porto do Son" mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria.

O contrato ten un orzamento de licitación de 29.463,50 euros, IVE incluído, sendo o seu valor estimado de 26.785,00 euros, e un prazo de execución de tres (3) días naturais, contados desde o seguinte ao de sinatura do contrato.

A licitación réxese polos pregos de cláusulas administrativas particulares aprobados por decreto da Alcaldía núm. 538/2017, do 21 de agosto.

Segundo.- De acordo co previsto no art. 177.2 TRLCSP e na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas procedeu a remitir invitación para participar na licitación a tres empresarios capacitados e publicouse a licitación no perfil do contratante do Concello de Porto do Son.

Durante o prazo outorgado presentaron as súas proposicións os empresarios EDECO ENERGÍAS, S.L., TECGAL ENERXÍAS, S.L. e MAS INSTALACIÓNS, S.L.

Terceiro.- Á vista da proposta do órgano de negociación, formulada na súa sesión do 29/08/2017, por decreto da Alcaldía núm. 559/2017, do 29 de agosto, resolveuse excluír do procedemento aos empresarios TECGAL ENERXÍAS, S.L. e MAS INSTALACIÓNS, S.L., xa que as súas ofertas económicas excedían do orzamento base de licitación do contrato.

Cuarto.- A oferta presentada por EDECO ENERGÍAS, S.L. foi a seguinte:

- Ampliación do prazo de garantía en meses: 36 meses.
- Oferta económica: 24.350,00 euros (sen IVE); 29.463,50 euros, IVE incluído.

En data 31/08/2017 remitiuse aos licitadores invitación para presentar no prazo de 24 horas unha segunda oferta en relación cos criterios obxecto de negociación. Durante o prazo outorgado, o único licitador comunicou que se ratificaba expresamente na oferta presentada.

Quinto.- O órgano de negociación, na súa sesión do 05/09/2017, procedeu á avaliación definitiva das proposicións presentadas resultando as puntuacións definitivas que se indican:

LICITADOR	PUNTUACIÓN		
	Ampliación prazo garantía	Oferta económica	TOTAL
EDECO ENERGÍAS, SL	10,00	0,00	10,00

Así mesmo, acordou elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación a favor do empresario EDECO ENERGÍAS, S.L.

Sexto.- A Alcaldía ditou o decreto núm. 574/2017, do 5 de setembro, polo que se requiría ao empresario EDECO ENERGÍAS, S.L. para a presentación no prazo de 10 días hábiles da documentación acreditativa do cumprimento das condicións legalmente establecidas para contratar coa Administración, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de ter constituído a garantía definitiva.

Durante o prazo outorgado o empresario EDECO ENERGÍAS, S.L. achegou a documentación requirida.

Sétimo.- O órgano de negociación, en data 20/09/2017, acordou declarar cumprido o requirimento e dar traslado do acordo á Alcaldía para os efectos da adxudicación do contrato, previa fiscalización do expediente pola Intervención municipal.

En data 22/09/2017 a Intervención municipal emitiu informe favorable de fiscalización previa da adxudicación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O art. 151.1 TRLCSP dispón que o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais, atendendo aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para iso cantos informes técnicos estime pertinentes.

Segundo.- No apdo. 2 do art. 151 TRLCSP establécese que *"o órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosas para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que houbera recibido o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación de iso, de dispor efectivamente dos medios que se houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2, e de haber constituído a garantía definitiva que sexa procedente"*.

Terceiro.- Segundo o establecido no art. 151.3 TRLCSP, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación descrita no apdo. 2 do mesmo art. 151.

O acordo de adxudicación será motivado, notificarase a tódolos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante (art. 151.4 TRLCSP).

Cuarto.- A Alcaldía- Presidencia é o órgano competente para efectuar a adxudicación do presente contrato, de conformidade co previsto na Disposición Adicional 2ª TRLCSP pola que se lle atribúen as competencias como órgano de contratación para os contratos administrativos cuxo importe non supere a contía de 6 millóns de euros ou do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e cando a súa duración non sexa superior a 4 anos e o importe acumulado das súas anualidades non supere nin a contía nin a porcentaxe indicada.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

Primeiro.- Adxudicar, de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares e coa proposición do licitador, o contrato administrativo "Subministración e instalación dunha caldeira de pellets na Casa da Cultura de Xuño. Porto do Son" ao empresario EDECO ENERGÍAS, S.L. (CIF B- 36.537.108), por un prezo de 29.463,50 euros, IVE incluído (24.350,00 euros) e o importe do IVE repercutible de 5.113,50 euros.

Segundo.- Aprobar a liquidación tributaria da taxa de tramitación e expedición de documentos polo bastanteo de poderes polo Secretario (Ordenanza fiscal nº 15), imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, e requirir o pago ao obrigado tributario previamente á sinatura do contrato:



Cota tributaria (epígrafe 3.1)	Pendente de pago
18,03 euros	18,03 euros

Terceiro.- Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao da recepción da notificación desta resolución, segundo disposto no art. 156 TRLCSP.

Cuarto.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e nos diarios oficiais que corresponda.

Quinto.- Dar conta desta resolución aos departamentos de Intervención e Tesourería.

Porto do Son, 22 de setembro de 2017.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

O SECRETARIO, dou fe,

Asdo. José Manuel González García.

